



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Publicado en *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*  
(<http://www.edu.xunta.gal/portal>)

[Inicio](#) > A Xunta licita a segunda fase da ampliación do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao, en Navia

## A Xunta licita a segunda fase da ampliación do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao, en Navia

### Idioma

Gallego

O investimento total neste centro ascende a máis de 3,6 millóns de euros

O Diario Oficial de Galicia publica hoxe a licitación da segunda fase das obras no CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao, en Navia (Vigo). Con esta intervención rematarase a ampliación deste centro educativo, que suporá en total un investimento de máis de 3 millóns de euros e a creación de 450 prazas escolares. As obras están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, eixe 10, obxectivo específico 10.05.01.

O importe de licitación da actuación correspondente á fase 2 ascende a 1.612.831,51 euros, tal e como pode comprobarse no enlace [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170504/AnuncioG0164-270417-0005\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170504/AnuncioG0164-270417-0005_gl.html) <sup>[1]</sup>. O prazo de execución da obra será de 9 meses.

A ampliación deste CEIP permitirá ampliar a súa capacidade de unha liña por curso escolar a 3, co fin de dar resposta ao incremento do alumnado do centro en máis dun 25% nestes 5 últimos anos e a previsión de crecemento futuro. Polo tanto, crearanse 450 novas prazas escolares.

A obra desenvolverase en dúas fases. Na primeira delas, xa en execución, constrúese un novo módulo independente de educación infantil, con 9 aulas con aseos incorporados, sala polivalente, 3 aulas de desdobre, espazos comúns, aseos, porches e pistas polideportivas, cun importe de adxudicación de 1.529.440 €.

Pola súa banda, a segunda fase suporá a demolición da cuberta para posibilitar a ampliación do edificio existente en 1.434,90 m<sup>2</sup> para 11 aulas – 9 deles polivalentes, 1 de música e outra de informática- de educación primaria e 7 de apoio, así como para aseos e almacéns. Ademais, nesta segunda fase realizaranse algunhas melloras, froito do estudo das actuais instalacións do edificio, tales como a reforma dos aseos adaptados ou o acondicionamento dos accesos exteriores.

[Construcións e melloras](#) <sup>[2]</sup>

[Educación infantil](#) <sup>[3]</sup>

[Educación primaria](#) <sup>[4]</sup>

[Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria](#) <sup>[5]</sup>

## Centros <sup>[6]</sup>



© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia  
[Oficina de Rexistro e Información](#) | [Suxestións e queixas](#) | [Aviso legal](#) | [Atendémolo/a](#) |

[RSS](#)



---

**URL fonte:** <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/21980>

### **Ligazóns:**

[1] [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170504/AnuncioG0164-270417-0005\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170504/AnuncioG0164-270417-0005_gl.html)

[2] <http://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/240>

[3] <http://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/81>

[4] <http://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/82>

[5] <http://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/206>

[6] <http://www.edu.xunta.gal/portal/schools>